



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Innovación Océano Azul 4.0, unha das aceleradoras subvencionadas pola Xunta de Galicia a través do noso Programa de axudas ás aceleradoras de apoio emprendemento innovador, ten aberta, ata o **vindeiro 10 de abril**, a súa **convocatoria internacional 2017 de selección de startups**.

O obxectivo de Innovación Océano Azul 4.0, promovido polo **Colegio Oficial de Ingenieros Navales y Océánicos (COIN)**, é acelerar **ata 5 proxectos especializados no sector marítimo** e transformalos en empresas innovadoras, viables e escalables que atraian e reteñan talento. Así, contribuírse a fortalecer o posicionamento do sector marítimo en Galicia e aumentar a súa proxección internacional.

O programa de aceleración, cunha duración de 6 meses, focalizarase en **proxectos que desenvolvan modelos de negocio en áreas tecnolóxicas da industria 4.0**: big data, fabricación avanzada, visión artificial, computación en nube, realidade aumentada, ciberseguridade, robótica colaborativa, drones, sistema autónomo, buque intelixente, enerxía mariña e eficiencia enerxética. Proporcionará aos proxectos seleccionados **apoio, mentorización e investimento**, a través da súa rede de **Business Angels Océano Azul**, co obxectivo de desenvolver a próxima xeración de empresas tecnolóxicas do sector marítimo.

Os proxectos interesados en participar nesta convocatoria poden consultar as **bases de selección e completar o formulario de inscrición neste enlace**.

Este programa vén a completar, para o sector naval e marítimo, a **Rede Galega de Aceleradoras de Innovación** impulsadas desde a Xunta de Galicia, e da que podedes obter máis información contactando connosco no enderezo electrónico servizos.gain@xunta.es

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí [aquí](#). Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

-

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

